

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

do 4 de xuño de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 04/06/2018
- II. Asistentes á CGIC do 04/06/2018
- III. R2-DO0102P2 Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG) correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas
- IV. R1-DE02P1 Panel de indicadores
- V. IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores
- VI. PE-01 P1 Xestión do PAS:
 - R1-PE01 Identificación das necesidades de PAS do centro
 - R2-PE01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
- VII. PA08 Xestión dos servizos:
 - IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
 - IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados
- VIII. DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:
 - R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
 - R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo

Ábrese a sesión ás 12 horas e 0 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2018 e extraordinaria celebrada o 6 de abril de 2018.

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento as actas, que serán publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

2. Informe da Coordinadora.

- O 5 de marzo de 2018 recibíuse o Informe de Seguimento da Certificación Fides-Audit do SGC da emE, cuxa renovación foi solicitada con data 15 de novembro de 2017. O informe é favorable, pero coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.
- Con data 5 de abril de 2018 a ACSUG, de acordo co protocolo de avaliación para a verificación de títulos oficiais, procedeu a avaliar en termos Favorables o plan de estudos que conduce ao título oficial Mestrado en Xeoinformática polas Universidades de A Coruña; Santiago de Compostela e Vigo.
- O 12 de abril de 2018 comezou o proceso de reforma do Sistema de Calidade Institucional da UVigo que, segundo o calendario previsto, concluirá no curso 2019-20 coa fase de implantación.
- O 27 de abril de 2018 a Unidade de Análises e Programas comunicou a publicación, por parte da ACSUG, do “Estudo da inserción laboral dos titulados en Mestrados no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013”:

<http://www.acsug.es/gl/insercion/masteres/eilmasteres12-13>

- A recollida de información realizouse durante os meses de febreiro e marzo de 2016 entre titulados en Mestrados do curso 2012-13.
 - O resultados amósanse agregados en cinco ramas de coñecemento.
- O 9 de maio 2018 tivo lugar a visita da comisión avaliadora do Mestrado en Enxeñaría de Minas para a renovación da acreditación do título.
- O 31 maio 2017 recibíuse o Informe Provisional de Acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas. No devandito informe indícanos unha cuestión de “obrigado cumprimento” e varias “recomendacións”.

DIMENSIÓNS e CRITERIOS	VALORACIÓN
DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO	
Criterio 1. Organización e desenvolvemento	C - Alcánzase parcialmente
Criterio 2. Información e transparencia	B - Alcánzase
Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	SGC - Certificado
DIMENSIÓN 2. RECURSOS	
Criterio 4. Recursos humanos	B - Alcánzase
Criterio 5. Recursos materiais e servizos	B - Alcánzase
DIMENSIÓN 3. RESULTADOS	
Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	B - Alcánzase
Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento	B - Alcánzase

Dispónse ata o 27 de xuño para presentar as alegacións e/ou accións de mellora que correspondan.

- O 1 de xuño rematou o prazo para participar nas Enquisas de Satisfacción do Alumnado para o estudiantado de mestrado e de 3º de grao. O día 21 de maio (último dato que nos foi comunicado) a participación do alumnado da emE era do 31,4% fronte a un 27,45% da UVigo.

- O 1 de xuño de 2018 a Unidade de Análises e Programas comunicou a publicación dos resultados da enquisa de satisfacción dos egresados/as correspondente ao curso 2015-16. Os datos referidos ao centro son os seguintes:

Título	Participación	Índice de satisfacción			Valoración Centro	Promedio Uvigo
		Total	Mulleres	Homes		
Grao en Enxeñaría da Enerxía	50%	3.34	3.49	3.26	3.38	3.30
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	41%	3.01	3.29	2.86		
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	71%	3.69	3.79	3.70		
Máster Universitario en Xeoinformática	67%	4.07	0.00	4.07		

- Atópase en exposición pública o regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns. Pódense achegar suxestións ata o vindeiro 15 de xuño de 2018:

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/arquivo-normativa/normativa-exposicion-debate>

Entre outras modificacións inclúense as seguintes:

- Toda persoa que rexistre unha QSP deberá identificarse no sistema, polo que non será admitida ningunha suxestión ou queixa que se presente de forma anónima
- Unha vez asignada a QSP á unidade responsable, esta deberá aceptar ou rexeitar a asignación no prazo de dous días hábiles. O prazo para responder é de quince días hábiles dende que a persoa usuaria rexistra a QSP.

3. Ratificación se procede, do rexistro R2-DO0102P2 Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG) correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas.

Envíase por correo electrónico previamente á celebración da reunión (Anexo III). No curso 2016-17 realizáronse os informes de seguimento dos títulos do centro. O Mestrado en

Enxeñaría de Minas pasaba seguimento externo por parte da ACSUG. A evolución temporal deste proceso é o seguinte:

- Os autoinformes de seguimento son aprobados o 23 de febreiro de 2017 pola CGIC
- O 28 de novembro de 2017 recíbese o Informe Provisional Conforme, correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas, por parte da ACSUG
- O 30 de xaneiro de 2018 a ACSUG emite o Informe Final Conforme.

A Comisión ratifica o informe final de avaliación das titulacións (ACSUG) correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE02P1 Panel de indicadores.

Este rexistro (Anexo IV) é un extracto do Informe de Revisión pola Dirección, aprobado por esta CGIC con data 27 de febreiro de 2018.

A Comisión aproba por asentimento o Panel de indicadores.

5. Aprobación, se procede, do rexistro IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores.

A documentación relativa a este punto (Anexo V) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente reunión da CGIC. Este rexistro foi elaborado pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona. Ana M^a Cacheiro, e recolle:

1. Procedemento para a compra de recursos de materiais con cargo ao orzamento do Centro
2. Proceso de xestión
3. Criterios de selección de provedores

A Comisión aproba por asentimento os criterios de selección de recursos materiais e provedores.

6. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE-01 P1 Xestión do PAS: R1-PE01 Identificación das necesidades de PAS do centro e R2-PE01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.

A documentación relativa a este punto (Anexo VI) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente reunión da CGIC. Estes rexistros foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona. Ana M^a Cacheiro, e recollen:

- Identificación das necesidades de PAS do centro: Necesidade dunha praza de Coordinador/a de Centros
- Identificación das necesidades de formación do PAS do centro: Solicitud dun curso de formación

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento da xestión do PAS.

7. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos: IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro e IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados.

A documentación relativa a este punto (Anexo VII) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente reunión da CGIC. Estes rexistros foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona. Ana M^a Cacheiro. Neles detállanse as empresas adxudicatarias dos servizos, permanentes e contratados, así como as actuacións levadas a cabo para a súa adxudicación.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento da xestión dos servizos.

8. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade: R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado e R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo.

Enviáronse por correo electrónicos previamente á celebración da reunión (Anexo VIII).

R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado. Este rexistro resume a mobilidade dos estudantes do centro. Faise unha comparativa cos porcentaxes obtidos no curso anterior, tal como amosa a seguinte táboa:

	Curso 2016-17		Curso 2017-18	
	EE	ERME	EE	ERME
Total alumnado:	19	3	22	3
Porcentaxe	7,7%	2,6%	9,9%	2,8%
Mulleres	9,5%	0%	16,4%	2,5%
Homes	7%	3,8%	7,1%	3%

R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo. Facendo unha comparativa co curso anterior obsérvase un incremento no número de estudantes alleos:

Curso 2016-17: 5 estudantes; curso 2017-18: 7 estudantes.

A Comisión aproba por asentimento os rexistros do procedemento da xestión da mobilidade

9. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a catro de xuño de dous mil dezaoto.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 04/06/2018

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 4 de xuño de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2018 e extraordinaria celebrada o 6 de abril de 2018(*).
2. Informe da Coordinadora.
3. Ratificación, se procede, do rexistro R2-DO0102P2 Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG) correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DE02P1 Panel de indicadores.
5. Aprobación, se procede, do rexistro IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores.
6. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE-01 P1 Xestión do PAS:
 - R1-PE01 Identificación das necesidades de PAS do centro
 - R2-PE01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
7. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PA08 Xestión dos servizos:
 - IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
 - IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados
8. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:
 - R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
 - R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo
9. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 04/06/2018.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 4 de xuño de 2018	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Miguel Míllara Crispín	Representante do Alumnado
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Igualdade



ANEXO III

R2-DO0102P2 Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)
correspondente ao Mestrado en Enxeñaría de Minas



ANEXO IV

R1-DE02P1 Panel de indicadores



ANEXO V

IT01-PA07 Criterios de selección de recursos materiais e provedores



ANEXO VI

PE-01 P1 Xestión do PAS:

- R1-PE01 Identificación das necesidades de PAS do centro
- R2-PE01 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro



ANEXO VII

PA08 Xestión dos servizos:

- IT01-PA08 Plan de actuación dos servizos permanentes do centro
- IT02-PA08 Informe de resultados dos servizos contratados



ANEXO VIII

DO-0205 P1 Xestión da mobilidade:

- R1-DO0205 P1 Listaxe de estudantado propio seleccionado
- R2-DO0205 P1 Listaxe de estudantado de mobilidade alleo